



O traballo de fin de grao en educación social: valoración do alumnado

Undergraduate dissertation in social education: student assessment

Beatriz García Antelo*, María del Rosario Castro González*, Isabel González Gómez**

*Universidade de Santiago de Compostela, **CIFP A Xunqueira, Pontevedra

Resumen

O Traballo Fin de Grao (TFG) consiste na elaboración e defensa dun traballo orixinal en torno a un ámbito de intervención profesional da titulación e baixo a tutorización dun profesor/a, sendo unha das materias a cursar na fase final dos estudos de Grao. Configúrase así como un espazo idóneo para que o alumnado acredite o dominio de competencias traballadas durante a súa formación. O obxectivo deste estudo é coñecer a valoración do alumnado do Grao en Educación Social da Universidade de Santiago de Compostela (USC) sobre o TFG e a súa contribución á adquisición de competencias profesionais.

Palabras clave: traballo fin de grao, formación, competencias, universidade, educación social.

Abstract

The undergraduate dissertation (UD) involves the elaboration and defense of an original academic work on a field of the degree and under the tutoring of a teacher, being one of the subjects a course in the final phase of the studies of Degree. It is configured as an ideal task for the student to accredit the skills acquired during their training. The objective of this study is to know the assessment of the students of the Degree in Social Education of the University of Santiago de Compostela (USC) on the UD and its contribution to the acquisition of professional skills.

Keywords: undergraduate dissertation (UD), training, professional skills, university, social education.

Introdución

O Traballo Fin de Grao (TFG) constitúe unha das materias a cursar nos estudos de Grao nas universidades españolas, dende que no ano 2007 se promulgara o Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establecía a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.

Esta normativa, ao igual que o Real Decreto 43/2015, de 2 de febreiro, que o modifica, regula, no artigo 12, que as ensinanzas de Grao concluirán coa elaboración e defensa dun Traballo Fin de Grao e que este terá un mínimo de 6 créditos e un máximo do 12,5% do total dos créditos do título. Este deberá realizarse na fase final do plan de estudos e estar orientado á avaliación de competencias asociadas ao título.

O TFG consiste na elaboración, presentación e defensa por parte de cada estudante, de forma individual ou, en determinadas ocasións, en grupo, dun traballo

orixinal baixo a supervisión dun ou máis titores/as académicos, centrado nalgúns dos ámbitos de intervención profesional, co obxectivo de acreditar os coñecementos e destrezas adquiridas durante os estudos de grao.

A nivel organizativo, cada universidade establece o marco normativo que determina as directrices a seguir para a elaboración deste traballo. Actualmente a USC conta co Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos traballos fin de grao e fin de máster na Universidade de Santiago de Compostela (aprobado polo Consello de Goberno de 10 de marzo de 2016), que establece as directrices a seguir para a elaboración destes traballos, indicando no seu artigo 1 que os centros deben aprobar ademais, a través dos órganos correspondentes, normativas propias de TFG e TFM das titulacións das que son responsables, axustándoas ás características propias de cada unha delas.

Esta heteroxeneidade organizativa ten dado lugar a realidades diferentes entre universidades e facultades. Esta diversidade tense posto de manifesto nos numerosos estudos realizados nos últimos anos (Rekalde, 2011; Pascual e Pascual, 2012; Hernández-Leo, Moreno, Camps, Clarisó e Martínez-Monés, 2013; Puigcerver, Martín e Renart, 2013; Vera e Briones, 2014), analizando dimensións de tanto interese como os procesos de tutorización e seguimento destes traballos, a formación do profesorado para a realización deste cometido, a contribución para a adquisición de competencias, o proceso de avaliación do TFG, etc.

Do mesmo modo, a realidade do TFG tense analizado dende contextos moi diversos, entre eles, os centrados en titulacións de educación (Ávila y Luján, 2011; Maiztegui, Martínez, Santibáñez e Martínez, 2012; Civilá, 2014).

Obxectivos

Este estudo ten como obxectivos os que se indican a continuación:

- Identificar os ámbitos profesionais da Educación Social cos que se vinculan as temáticas dos traballos fin de grao desenvolvidos polo alumnado.
- Coñecer a valoración do alumnado sobre o proceso de elaboración do seu TFG.
- Indagar na percepción do alumnado sobre a contribución do TFG na adquisición das competencias establecidas no programa da materia.

Método

A metodoloxía deste estudo é exploratoria e descritiva tipo enquisa (Torrado, 2004). O uso do cuestionario como instrumento de investigación permitiu chegar a un número importante de alumnado de último curso do Grao en Educación Social durante o curso 2016-2017.

Participantes

Participaron no estudo un total de 55 estudantes de 4º curso do Grao en Educación Social da USC, seleccionados a través dunha mostraxe de tipo incidental, que realizaron no curso académico 2016-2017 o Traballo de Fin de Grao.

A mostra está composta por unha maioría de alumnas (89.1%) fronte a unha porcentaxe moito menor de alumnos (10.9%), tal e como se presenta na figura 1. A media de idade é de 23 anos.




Figura 1. Distribución do alumnado por sexo

Instrumento

O cuestionario empregado foi elaborado ad-hoc para o presente estudo e está formado por 12 preguntas de diferente tipoloxía: cuestións de resposta múltiple, ítems de construción tipo Likert con cinco alternativas de resposta (1-nada a 5-moito) e preguntas abertas. En total, o instrumento inclúe os seguintes bloques:

- Bloque 1. Datos persoais.
- Bloque 2. Modalidade e temática do traballo fin de grao.
- Bloque 3. Desenvolvemento do TFG: valoración e satisfacción.
- Bloque 4. Contribución do TFG á adquisición de competencias.

A aplicación do instrumento realizouse de forma presencial na aula. A análise de datos levouse a cabo a través do paquete estatístico SPSS para Windows (análises descritivos e de frecuencias).

Resultados

Formuláronse en primeiro lugar ao alumnado unha serie de cuestións dirixidas a obter datos descritivos do TFG referidas, entre outros aspectos, ao tipo de traballo que está desenvolvendo, aos ámbitos profesionais cos que se vinculan, etc.

En relación co tipo de TFG, a maior parte do alumnado, un 40.7%, realizou un proxecto de intervención socioeducativa, seguido dun 33.3% que optou por levar a cabo unha investigación documental e

un 25.9% que desenvolveu un traballo de campo (figura 2).




Figura 2. Tipo de TFG realizado

Con respecto aos ámbitos profesionais da Educación Social abordados, un terzo do alumnado indica que o seu TFG está vinculado coa acción socioeducativa en infancia e xuventude (33.3%) e practicamente outro terzo, coa educación para a mediación, a inclusión social e a diversidade (27.8%). Outro dos ámbitos máis recorridos é o relacionado coas persoas adultas e maiores (16.7%). Pola contra, hai tres ámbitos profesionais con menor representatividade nos TFG: a educación en contextos familiares e procesos de desenvolvemento comunitario; a educación do ocio, a animación e a xestión sociocultural; e a educación para a cidadanía e a cultura da sustentabilidade (táboa 1).

Táboa 1.

Ámbitos profesionais da Educación Social vinculados ao TFG

Ámbitos profesionais	Porcentaxe
Acción socioeducativa en infancia e xuventude.	33.3%
Educación para a mediación, a inclusión social e a diversidade.	27.8%
Acción socioeducativa con persoas adultas e maiores.	16.7%
Educación en contextos familiares e procesos de desenvolvemento comunitario.	9.3%
Educación do ocio, a animación e a xestión sociocultural.	9.3%
Educación para a cidadanía e a cultura da sustentabilidade.	3.7%

Ademais, o 81.5% do alumnado enquisado está realizando o TFG sobre a temática na que inicialmente tiña interese, fronte ao 18.5% que manifesta que non.

Polo que se refire a se a persoa que titoriza o TFG é o/a profesor/a elixido/a en primeira opción, máis da metade do alumnado indica que si, concretamente un 59.3% (figura 3).




Figura 3. Alumnado titorizado polo/a profesora/ elixido/a en primeira opción

No estudo analizáronse tamén outras cuestións vinculadas a distintos aspectos organizativos e de implicación do propio alumnado e profesorado no desenvolvemento do TFG (táboa 2).

Polo que se refire á carga de traballo que supón a realización do TFG, a maioría do alumnado enquisado, o 67.9%, está bastante ou moi de acordo en que é superior á establecida no programa.

Igualmente, a maior parte, o 59.2%, manifesta ter recibido no inicio do TFG información referente aos obxectivos, modalidades, etc., fronte ao 14.9% que sinala que apenas recibiu información ao respecto (pouco ou nada).

No tocante a se o alumnado se sente formado para afrontar con éxito a realización do traballo, o 40.7% considérase nada ou pouco formado, fronte a outro 40.7% que si se sente bastante ou moi formado.

Respecto á súa motivación para a realización do mesmo, máis da metade do alumnado (53.7%) sinala sentirse nada ou pouco motivado, mentres que un 38.9% está bastante ou moi motivado.

No que se refire ás titorías, a meirande parte dos/as enquisados/as afirman, en termos de bastante e moito, que: asisten ás sesións de titoría fixadas polo/a titor/a para o seguimento de TFG (66%) e que son eles/as quen solicitan as titorías sen esperar a ser convocados/as (88.7%). De igual modo, manifestan ter iniciativa na procura de información (88.7%) e atender ás orientacións dadas polo/a titor/a para a realización do TFG (96.2%).

Con respecto ao labor do/a titor/a, o 68.5% do alumnado está bastante e moi de acordo en que o profesorado realiza un seguimento periódico do proceso de elaboración do seu traballo. Non obstante, en relación a se proporciona asesoramento bibliográfico, o 47.1% sinala que nada ou pouco, fronte ao 41,5% que indica que o/a titor/a proporciona bastante ou moito. E no referido a se ofrece asesoramento metodolóxico, case a metade do alumnado, o 49%, amósase bastante ou moi de acordo con esta afirmación, mentres que o 26.4%, nada ou pouco, e o 24.6%, regular.

Táboa 2.

Valoración sobre o desenvolvemento do TFG

Ítems	Nada/ pouco	Regular	Bastante /moito
A carga de traballo que supón o TFG é superior á establecida no programa.	13.2%	18.9%	67.9%
No inicio do TFG recibín información referente aos obxectivos, modalidades, etc.	14.9%	25.9%	59.2%
Síntome formado/a para afrontar con éxito a realización do TFG.	40.7%	18.6%	40.7%
Síntome motivado/a para realizar o TFG.	53.7%	7.4%	38.9%
Asisto ás sesións de titoría fixadas polo/a titor/a para o seguimento de TFG.	9.5%	24.5%	66%
Son eu quen solicita as titorías, non espero a ser convocado/a.	3.8%	7.5%	88.7%
Teño iniciativa na procura de información.	3.8%	7.5%	88.7%
Atendo ás orientacións dadas polo/a titor/a para a realización do TFG.	1.9%	1.9%	96.2%
O/a titor/a proporcióname asesoramento bibliográfico.	47.1%	11.4%	41.5%
O/a titor/a proporcióname asesoramento metodolóxico.	26.4%	24.6%	49%
O/a titor/a realiza un seguimento periódico do proceso de elaboración do traballo.	13%	18.5%	68.5%

Doutra banda, formuláronse ao alumnado cuestións relativas á contribución do TFG na adquisición de competencias (táboa 3).

Ao respecto, en liñas xerais, o alumnado está bastante e moi de acordo en que o TFG contribúe á adquisición das diferentes competencias profesionais. Se ben as principais contribucións do TFG son en relación ás seguintes: reflexión e reformulación sobre o traballo desenvolto (83.2%); autonomía na procura, selección e tratamento de información relevante para o TFG (79.6%) e sistematización e presentación de información de maneira organizada e correcta desde o punto de vista académico e profesional (77.7%).

Tamén son destacadas por boa parte do alumnado a contribución do traballo á adquisición destoutas competencias profesionais, aínda que en menor medida que as anteriores: autoorganización na planificación e desenvolvemento do labor investigador e profesional (un 68.5%); aplicación integrada dos coñecementos e habilidades adquiridos ao longo do grao (58.4%); e comunicación utilizando recursos expresivos e argumentativos (57.4%).

Táboa 3.
Valoración sobre a contribución do TFG á adquisición de competencias

Ítems	Nada/pouco	Regular	Bastante/moito
Autoorganización na planificación e desenvolvemento do labor investigador e profesional.	13%	18.5%	68.5%
Autonomía na procura, selección e tratamento de información relevante para o TFG.	7.4%	13%	79.6%
Aplicación integrada dos coñecementos e habilidades adquiridos ao longo do grao.	18.9%	22.7%	58.4%
Sistematización e presentación de información de maneira organizada e correcta desde o punto de vista académico e profesional.	9.3%	13%	77.7%
Reflexión e reformulación sobre o traballo desenvolto.	3.8%	13%	83.2%
Comunicación utilizando recursos expresivos e argumentativos.	13%	29.6%	57.4%

Ademais, o alumnado enquisado realizou unha valoración xeral en canto ao labor desenvolto polo/a titor/a, á realización en si do TFG e á achega do mesmo no seu proceso de aprendizaxe. En canto ao labor desenvolto polo/a titor/a, a maioría do alumnado manifesta un alto (45.3%) ou moi alto (18.9%) grao de satisfacción, mentres que un 18.9% fai unha valoración regular, un 7.5% baixa e un 9.4% moi baixa (figura 4).




Figura 4. Grao de satisfacción co labor desenvolto polo/a titor/a

Pola contra, ao analizar a satisfacción do alumnado co proceso de elaboración do seu traballo, existe unha maior diversidade nas respostas. O 35.8% afirma ter un grao de satisfacción alto, seguido do 28.3% que indica unha satisfacción regular e do 20.8% que manifesta que é baixa (figura 5).




Figura 5. Grao de satisfacción coa realización do TFG

Finalmente, no que se refire á achega do TFG para o seu proceso de aprendizaxe, máis da metade do alumnado enquisado realiza unha valoración positiva, considerándoo moi importante (13.2%) ou bastante importante (41.5%). Pola contra, un 7.5% opina que é pouco importante e un 13.2% nada importante (figura 6).




Figura 6. Valoración da achega do TFG ao proceso de aprendizaxe

Discusión e conclusións

A realización do Traballo Fin de Grao supón unha oportunidade para integrar e desenvolver as competencias adquiridas polos estudantes durante a súa formación académica universitaria. Contribúe así á construción do perfil profesional do/da educador/a social, en tanto que a través del inicianse no traballo nos diferentes ámbitos profesionais.

Con todo, case a metade do alumnado enquisado sente que necesitaría máis formación para poder desenvolvelo con éxito e séntese en xeral desmotivado para acometer este proceso. Do mesmo modo, considera que a esixencia do TFG en canto a carga de traballo é superior á establecida no programa. Por tanto, pese a que en xeral consideran que a elaboración deste traballo é importante no seu proceso de aprendizaxe, amósanse en xeral insatisfeitos co proceso de elaboración do mesmo.

Por outra parte, no desenvolvemento do TFG cobra un papel destacado o rol do titor/a do TFG (Hernández-Leo, Moreno, Camps, Clarisó y Martínez-Monés, 2013; Vera e Briones, 2014). Neste sentido, a maioría do alumnado está bastante e moi de acordo en que o profesorado realiza un seguimento periódico do proceso de elaboración do traballo. Con todo, case a metade dos/as estudantes demandan unha maior implicación pola súa parte á hora de proporcionar asesoramento bibliográfico.

Referencias

- Ávila, M. y Luján, A. L. (2011). Diseño de un sistema de coordinación para el desarrollo, integración y evaluación de competencias genéricas en los títulos de Grado de la Facultad de Educación de Cuenca. En M. Marín, A. B. Morales y D. Delgado (Eds.), *Trabajos fin de Grado y Máster: La evaluación global* (pp. 183-190). Toledo: Universidad de Castilla La Mancha.
- Civila, A. (2014). Gestión de unos 800 trabajos fin de grado en una Facultad de Ciencias de la Educación. En K. Pérez, B. Bilbao, E. Fernández de Larrea, B. Otero y P. Ruiz de Gauna (Coord.), *Retos y*

- oportunidades del TFG para la sociedad del conocimiento (Libro de Actas del I Congreso Interuniversitario del Trabajo Fin de Grado)* (pp. 356-365). Bilbao: Universidad del País Vasco.
- Hernández-Leo, D., Moreno, V., Camps, I.P., Clarisó, R. y Martínez-Monés, A. (2013). Implementación de buenas prácticas en los Trabajos de Fin de Grado. *REDU: Revista de Docencia Universitaria*, 11 (nº especial), 269-278.
- Maiztegui, C., Martínez, I., Santibáñez, R. e Martínez, S. (2012). Diseño e implantación del Trabajo Fin de Grado en Educación Social. Análisis de un proceso. En S. Morales, J. Lirio y R. Marí (Coord.), *La Pedagogía Social en la Universidad: Investigación, Formación y Compromiso Social (Seminario Interuniversitario de Pedagogía Social)* (pp. 403-416). Valencia: Nau Llibres.
- Pascual, M. y Pascual, M. M. (2012). Propuesta de evaluación del Trabajo Fin de Grado en Derecho. *Aula Abierta*, 40 (1), 85-102.
- Puigcerver, M.C., Martín, P.J. y Renart, M. (2013). Los beneficios de la coordinación horizontal en la realización de los TFG para los alumnos de Grado en Administración y Dirección de Empresas. *Revista de Investigación en Educación*, 11 (1), 97-117.
- Real Decreto 1393/2007, de 29 de octubre, por el que se establece la ordenación de las enseñanzas universitarias oficiales. *Boletín Oficial del Estado*, núm. 260, de 30 de octubre de 2007.
- Real Decreto 43/2015, de 2 de febrero, por el que se modifica el Real Decreto 1393/2007, de 29 de octubre, por el que se establece la ordenación de las enseñanzas universitarias oficiales, y el Real Decreto 99/2011, de 28 de enero, por el que se regulan las enseñanzas oficiales de doctorado. *Boletín Oficial del Estado*, núm. 29, de 3 de febrero de 2015.
- Rekalde, I. (2011). ¿Cómo afrontar el Trabajo Fin de Grado? Un problema o una oportunidad para culminar con el desarrollo de las competencias. *Revista Complutense de Educación*, 22 (2), 179-193.
- Torrado, M. (2004). Estudios tipo encuesta. En R. Bisquerra (Coord.), *Metodología de la investigación educativa* (pp. 130-147). Madrid: La Muralla.
- USC (2016). *Reglamento de matrícula, elaboración e defensa dos traballos fin de grao e fin de máster na Universidade de Santiago de Compostela*. Recuperado de: <http://www.usc.es/gl/normativa/xestionacademica/index.html>
- Vera, J. y Briones, E. (2014). Elementos clave del proceso de tutorización y evaluación del TFG: análisis y resultados en la UVA y la UC. En K. Pérez, B. Bilbao, E. Fernández de Larrea, B. Molero y P. Ruiz de Gauna (Coord.), *Actas del I Congreso Interuniversitario sobre el Trabajo Fin de Grado. Retos y oportunidades del TFG en la sociedad del conocimiento* (pp. 335-345). Bilbao: Universidad del País Vasco.